

“SEGURAMENTE” Programas Eduemprende. Curso 2021/2022.

Convocatoria do programa “Seguramente”, enmarcado dentro do convenio de colaboración establecido entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Galicia Obra Social para o desenvolvemento de actuacións conxuntas a favor do impulso do espírito emprendedor, no marco do Plan Eduemprende.

OBXECTIVOS

Esta convocatoria ten como obxectivos desenvolver actividades para que o alumnado aprenda, dun xeito activo, educación financeira para a vida actual a través dunha aprendizaxe multidisciplinar e transversal para preparalos para a súa vida adulta.

DESTINATARIOS

Alumnado matriculado de 3º a 6º de Educación Primaria, da ESO ou da FP Básica nos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

ACTIVIDADES

Este programa propón un xogo interactivo no que o alumnado ten que percorrer **O Camiño de Santiago**.

No xogo o alumnado por medio dunha viaxe polo Camiño de Santiago traballará a educación financeira (planificando gastos, afrontando imprevistos e tomando decisións) e outros contidos de arte, xeografía e historia, lingua, bioloxía, valores sociais e cívicos dunha forma transversal.

SOLICITUDES

As solicitudes enviaranse, desde a conta de correo corporativa do centro, a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal co seguinte asunto: "*Solicitud programa Seguramente 2021-2022*", conforme ao Anexo I.

Unicamente será admitida unha única solicitude por centro.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Portal Educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

SELECCIÓN DOS CENTROS

Todos os centros que presenten a solicitude en prazo e forma serán admitidos. Non existe límite de centros nin de alumnado por centro.

TEMPORALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

O programa comezará a desenvolverse a partir do 11 de xaneiro de 2022 e rematará no mes de xuño, antes do remate do curso escolar 2021-2022.